

NOVA CONVERSA CON MANOLO, O VECIÑO E AMIGO

Teño a certeza de que Manolo e máis eu, xunto coa abondosa coroa de vellos amigos, imos vivir outro momento entrañable, outro novo e sempre desexado encontro, unha nova e esperada conversa co bo veciño e amigo. Tamén estou seguro de que van a sente-lo mesmo os galardoados deste ano, os novos amigos que están a medrar ó redor da súa figura e todos aqueles que, outro ano máis, van te-la oportunidade de se atopar con este libro que o Concello de Paradela adica, con moito agarimo e bo acerto, ó seu "**Fillo Predilecto**" Manuel-Orestes Rodríguez López, co gallo do certame anual de Poesía e Narrativa, que leva o seu nome e que, entre todos témo-la obriga de axudar a consolidar. Sobre todo, os seus veciños e amigos.

¡Velaí un anaquiño da historia dunha vida alucinante que eu tiven o gozo e maila sorte de compartir durante algún tempo! Alédome dispor desta oportunidade de poder "**revivila co amigo**" e tamén de poder "**dala a coñecer**" ós demáis. A ámbolos dous nos reinou sempre comparti-las nosas vivencias. El deixounolo maravillosamente demostrado na súa vida e nos seus libros. E a min ofrecéuseme esta ocasión que, certamente, agradezo.

Coñecín a Manolo aló polos anos cincuenta. En tempo de vacacións. Os dous eramos estudantes e oriundos do Concello de Paradela. El, da súa querida aldea de Randulfé, na parroquia de San Miguel e eu, de Cabodevila, na de San Martiño de Castro. A través dalgún parente soubemos un do outro, pero non tivémo-la ocasión de vernos. Os dous tiñamos moitas gañas de atopármonos. O ansiado encontro (coma tódalas cousas boas e importantes da vida) chegou de improviso, de regalo, cando menos o pensabamos... e nun terreo "**neutral-intermedio**": en San Mamede de Castro. Os dous fomos "**de invitados**" á festa da parroquia. Xa eramos uns mocetes. Aquel día levabamos traxe novo, pantalón largo e garabata. Houbera romaría polo serán. Alí xurdeu o noso encontro, misturado coa súa correspondente aventura xuvenil. A partir dese día fóronse "**multiplicando os encontros de verán**", unhas veces nas feiras de Paradela e outras na miña casa en Cabodevila, onde Manolo se sentía ditoso parolando con meu pai, namentres satisfacía a súa enorme curiosidade preguntándolle cousas sobre da aldea e do vello Portomarín que aparecía, aló ó fondo, -mítico, artístico e misterioso- bañado polo entón limpo Pai Miño, que pasaba fachendoso e barulleiro diante nós presumindo de colaborar en facer máis amplas, fermosas e abondosas as veigas de San Xoán de Loio, hoxe sen vida

e acubilladas polo embalse de Belesar. Xa daquela empecei a nota-lo seu amor pola tradición, polos costumes, polas cousas da súa xente e do seu pobo. Témolo comentado e lembrado moitas veces. Máis tarde, cando apareceu o seu *"Reencontro coa aldea"* (1983), comprenderíao perfectamente.

Antes de seguir coa nosa particular historia cómpre voltar atrás. Só por un momento. Manolo, coma moitos dos nosos veciños, tivo que pasar pola gran proba da emigración demasiado cedo. Ós seis anos xa era, non só fillo de emigrantes, senón tamén **"emigrante de feito"**. Foi **"destetado"** do seu pobo natal, do seu Randulfe querido, coma moitos outros dos nosos veciños, e mesmo parentes, de Paradela, de todo Galicia. Para os outros non tan prematuramente, pero non por iso menos traumática a **"aventura forzosa"** da emigración. Barcelona foi a súa segunda patria. Chegou a querela e amala moito. Foi a súa segunda patria. Alí viviu a meirande parte da súa vida, coñeceu á súa dona, criou ós seus fillos. Catalunya acolleuno, deulle traballo, axudoulle a vivir... e Manolo, como ben nacido que foi, soubo ser agradecido. Aínda hai pouco, falando cun dos seus fillos, mesmo xurdeu a idea de que unha das súas obras póstumas, a ben lograda tradución da *"Atlántida"* (1995) de Jacint Verdaguer, que rematou en Lugo, e que levou un inmenso traballo, viña a ser coma **"unha homaxe a Catalunya"** por ter acollido **"a un fillo agradecido"**. Tamén serve a outra versión de que esta obra fose froito da súa **"morriña"** das terras catalanas, ó voltar a Lugo. As dúas versións poden ser certas, parécese a min.

Aló, en Barcelona, (como me pasou a min), mandárono a estudar ó Seminario. A min, ó de Lugo. Xa tiñamos algo en común, Aquilo ía favorece-la nosa recién estreada amizade. Daquela, na posguerra, a clase pobre rural, como era a nosa, se quería estudar tiña que coller ese camiño. Tanto el coma eu, temos que recoñecer que fomos persoas privilexiadas. A maioría dos nosos compañeiros de escola non tiveron esa oportunidade. Na miña parroquia eu era o único estudante daquela. Na de Manolo non lembro, pero penso que tamén era o único... e, ademáis, ¡para máis inri!, tiña que facelo **"fóra da súa terra"**. Os dous temos lembrado, moitas veces, a nosa ledicia e o noso agradecemento, por haber tido a oportunidade de poder facer Humanidades e Filosofía nun destes centros. A Manolo, notóuselle moito, en toda a súa obra, a gran formación humanística, e, incluso, a sonoridade musical, que aparece nalgunhas das súas mellores construcións poéticas. Coido que tamén lle vén desa etapa a **"súa profunda sensibilidade humana, social e mesmo relixiosa"** que encheu e deu sentido pleno á súa vida.

Volvemos á nosa cativa historia. A partir daquel primeiro encontro, a nosa amizade foi medrando e empezamos a comunicarnos algo máis e a "intercambiar sabencias e experiencias". Lembro, con certa craridade, que, xa daquela, lle interesaba todo o referente ós costumes, lendas, historia e mesmo comportamentos da xente. Pasabámolo moi ben en calquera lugar e/ou situación na que nos atopásemos. Era o home da calma, do gozo, da alegría, do saber vivir e gozar das cousas pequenas e dos acontecementos que ían surxindo á nosa beira. Manolo foi, en certa maneira, "dono do tempo", "o home sen présas" que eu mesmo comprendín e agradecín moito, ó longo da miña vida. Era unha ledicia estar na súa compañía. Era o home da "**escoita**" e da "**observación**". Mesmo parecía que non só gozaba co que lle entraba polos ollos e pensamento senón que tamén o remoía todo con calma. Isto aconteceu, como un pequeno oasis, na década dos anos 50-60.

A seguinte década, (a dos 60-70), foi a "**etapa escura**" en canto á nosa relación. Houbo un silencio inexplicable, que ollado desde lonxe, non parece ter lóxica, pero que foi real. Manolo deixou a carreira, (despois de rematar Humanidades e Filosofía), e encamiñou a vida profesional noutra dirección. Atopou a muller da súa vida, Irene, (tamén emigrante, galega e case veciña, do Páramo), coa que casou e tiveron a regalía de dous estupendos e traballadores fillos (Enrique e Santiago) que están a segue-lo camiño do pai. Ademáis do seu traballo profesional buscou (e atopou) tempo para desempeñar moi ben o cargo extraoficial de se-lo "**mellor embaixador e relacións públicas**" dunha morea de compatriotas seus en Catalunya. (Diso dá fe o "*Galegos en Catalunya 1978-1982*" (1982). En canto a min, estreei, con moita ilusión, a miña vocación de crego por terras de Lalín, (Pontevedra), donde pasei uns anos, moi feliz, adicado e entregado á miña xente e bastante liado cun feixe de iniciativas e actividades que, certamente, restaron tempo á nosa encetada comunicación. Como temos comentado moitas veces, "**ó rebobina-la historia das nosas vidas**", aquilo aconteceu porque os dous estabamos cheos de vida, de traballo e de ilusións. Cadanseu no seu campo de traballo, os dous fixemos algo máis ca vivir da profesión-vocación e atopamos tempo para adicar ás nosas afeccións-"**manías**", a outras "**actividades cultural-benéfico-sociais**", ós amigos, ás viaxes, etc. que son as cousas que complementan e dan un sentido máis pleno á vida. Non acabamos de comprender (¡témolo comentado varias veces!) o que pudo suceder daquela. Visto desde lonxe, pensamos que non foi outra cousa que a reconfortante situación de que os dous tiñamos unha vida rica e chea de amigos e de actividades. Máis tarde decatámonos deste feito que non fixo desgaxa-

la nosa amizade. Nesa etapa xa Manolo publicou o seu primeiro libro de poesía *"Poemas populares galegos"* (1968) e foi elaborando outros temas que sairían á luz máis adiante.

A seguinte etapa, a da **"apaixoante década dos 70-80"**, foi fenomenal en tódolos sentidos. Tamén na nosa relación e nos nosos encontros, que, cecaes pola escuridade da anterior, quixemos aproveitar con máis forza e vitalidade. Foi a década **"das utopías, das ilusións e das esperanzas"** en tódolos campos: no político, no cultural, no social, no económico, mesmo no relixioso. Coincidiu tamén coa **"década dos nosos frecuentes encontros"** en Barcelona. Radio Nacional, Radio Miramar, Centro Galego e outros da periferia, (cos que Manolo estaba moi vencellado), festivais de Fuxan os Ventos, xuntanzas de Auxilia, etc. constituíron o marco das nosas xuntanzas, que sempre remataban, -ou empezaban-, cunha visita-comida na súa casa, na compañía da súa muller e os seus fillos. Calquera ocasión nos servía de motivo para xuntármonos. Coma bo amigo, disfrutaba comigo e coas miñas cousas coma se foran propias. Quería moito ós seus paisanos, **"ós galegos de Catalunya"**, e non sei se aínda máis **"ós da terra que iamos por aló"**. Acredita esta verdade *"Galegos en Catalunya-2"* (1985), que foi preciso engadir ó anterior, dada a cantidade de xente coa que tivo el unha relación continuada. *"Saudade no bulleiro"* (1970), o segundo libro de poemas, *"Homaxe ó Che"* (1970), *"Soldada mínima"* (1979), (¡un berro contra a inxusticia!), que foi o seu terceiro libro de poemas, e un feixe máis de obras, artigos e colaboracións na radio e na prensa foi froito da súa vitalidade desta década.

A última etapa, a de Lugo, a dos anos 80, (¡xa un pouco maduros os dous!), compartímola moito máis. Foi fermosa e creativa en tódolos sentidos. Coido que profundamos e revivímol a nosa vella amizade. ¡Soñamos moito xuntos! ¡Tamén fixemos e compartimos moitos proxectos! Algún deles acadámoslos. Praza Maior, (un bo proxecto, hoxe morto, pero que daquela deu pulo Manolo), Radio Popular, Radio Lugo, El Progreso, La Voz de Galicia, El Ideal Gallego, Asociacións culturais, certames literarios, táboas redondas, viaxes á montaña luguesa, etc. son testemuñas vivas da súa presenza, do seu traballo e do seu abundante e bofacer cultural na cidade de Lugo e Provincia. Aí están, alumando ás xeracións presentes e futuras, esa excelente colección de libros de poesía, narrativa, ensaios, traducións, premios e certames literarios, concursos, colaboracións, etc. que dan fe da súa capacidade de traballo e entrega á arte, á comunicación e á cultura.

"Viaxes con Anxel Fole" (1988) é unha boa referencia e recordo neste ano de homaxes á vida e figura do seu vello amigo. Como en toda a obra de Manolo aparece a súa gran capacidade de escoita, de observación, de sensibilidade humana e social que encheu e engalanou toda a súa curta, pero rica e abondosa vida, en boas obras.

Non quixera rematar esta pequena semblanza sen facer referencia á súa sensibilidade social e á súa fe-vivencia relixiosa. Comprende, estupendamente ben, que o amor e maila fe van sempre xunguidos e da man. Non se pode ser cristián sen ter presente na vida ó irmán, sobre todo ó irmán máis necesitado, máis pobre. Manolo tiña esa idea moi firme e crara, e sempre presente, que **"a fe debe ser acreditada nas obras, no amor concreto, na atención, na escoita, no agarimo e amor á xente..."**. Non era home de ritos, nin de cirimonias ou fórmulas valeiras de sentido. Na súa sinxeleza non cabían exhibicións. Sabía estar coa xente. Enganchaba, rapidiñamente, con todos. A súa especialidade eran os vellos, os nenos e a xuventude. Por esa orde. Foi un **"home bo, noble, veraz, humilde, sinxelo... que se facía e deixaba querer,... que escoitaba a todos,... sempre e sen présas..."**. ¡Por iso encandilaba "á xente do mundo rural", o seu mundo, en definitiva.

A derradeira palabra só pode ser esta: ¡Gracias, Manolo, pola túa vida e por tela compartido connosco! O noso recordo-homaxe-agradecemento só ten un camiño: o do **"compromiso formal de manter presente a túa vida e a túa obra no noso pobo e na nosa xente"**.

Lugo, mes de xuño de 1997.

Xesús Mato, o teu amigo e veciño.